

**Max Jacob**

**HISTORIA DO REI  
KABUL 1º  
E DO PINCHE GALVÁN**

**Tradución: Henrique Harguindey Banet**


Max Jacob naceu na Bretaña, na vila de Kemper (Quimper en grafía francesa), en 1876, no seo dunha familia xudía. Despois de rematar os estudos secundarios marchou a París coa idea de facer carreira na Administración pero acabou desempeñando os oficios máis diversos: profesor de piano, varrendeiro, empregado de comercio, xornalista, dicidor da boa ventura, etc. En 1901 coñece a Picasso e serán grandes amigos durante toda a súa vida. Frecuenta entón os medios artísticos e literarios de vangarda e poetas e pintores como Apollinaire, Cocteau, Marie Laurencin e outros.

Unha pretendida aparición de Cristo, en 1909, determinará a súa conversión ao catolicismo. A partir de 1921, pasará grandes etapas de retiro, levando unha vida de ermitán, en Saint-Benoit-sur-Loire, sede dun mosteiro beneditino. Alí irá prendelo, debido á súa orixe xudía, a policía alemá en 1944, para internalo no campo de concentración de Drancy, onde non ha tardar en morrer.

A súa obra é ampla e diversa, fundamentalmente de tipo poético -carácter que remanece constantemente no resto da súa produción- mais tamén foi novelista, ensaísta, contista e moralista, ademais de pintor e escritor místico. Boa parte da súa obra mantívose inédita ata despois de el morrer, sendo publicada de xeito póstumo. Entre as súas obras poéticas están *Le cornet à dés*, *Oeuvres burlesques et mystiques de Frère Matoriel*, *Laboratoire Central*, *Ballades* e mais *Poèmes de Morven le Gaëlique*. Esta *Historia do rei Kabul 1º e do pinche Galván* é un dos primeiros textos que escribiu.

Obsesionado pola idea da morte e do martirio e marcado por un triple misticismo (o xudeu da súa orixe familiar, o bretón da súa terra de nacemento e o católico da súa conversión relixiosa), Max Jacob anuncia o surrealismo, aínda que nel o surreal, superreal ou sobrerreal é o sobrenatural.

Movido por un gusto polo burlesco e o absurdo, Max Jacob fai nacer a poesía do encontro entre o capricho e o azar e mestura humor, fantasía, inxenuidade infantil, invención verbal e artificio métrico, o que fai da súa voz unha das máis orixinais da poesía francesa do século XX.



Max Jacob por Picasso

## CAPÍTULO PRIMEIRO

### A MERENDA DE GALA DOS BOS ALUMNOS

Había no país dos balibrigos un rei chamado Kabul 1º que todos os anos, no día do seu aniversario, agasallaba aos rapaces pobres. Era un costume que collera. O primeiro cociñeiro-xefe das cociñas reais chegaba un mes antes ao patio da escola primaria, cun lápis e mais un papel, para lle falar ao mestre.

- Véñolle preguntar -dicía- os nomes dos mellores alumnos da clase. Os que levaron as mellores notas serán invitados a merendar ao palacio do rei.

O mestre dicía:

- Son este, estoutro e mais aquel.

Nunca collían máis de trinta. A véspera da festa, ás catro, cinco carrozas de ouro agardaban polos bos alumnos e levábanos ao palacio.

O palacio inda existe hoxe, e non hai outro máis fermoso no mundo. Está enriba dun outeiro, fóra da vila, no lugar onde están os depósitos que lles fornecen auga pura aos habitantes. Os seus cuartos son de tal modo que neles se conservan plantas altas coma árbores e acochan bosquiños, columnatas, acuarios cheos de peixes dourados, chafarices de auga... Os xardíns son tan grandes que foi preciso construír moitísimas terrazas, nas que as palmeiras e os laranxeiros saen do mármore entre tapetes, cadros e estanques.

Na merenda do rei, cada un dos rapaces tiña atrás súa un criado que lles ofrecía distintos pratos. Servían sobre todo lambetadas e pratos de sobremesa: pasteis de follas de masa con améndoa, con vainilla e con nata, flores revoltas en azucre, xelados de marrasquino, de framboesa, de pistacho, de marmelada e de zume de cereixas, estufados de castañas do Perú, froitos tropicais confeitados, xelados e máis naturais en neve, en diferentes gustos, en salsas de licores e xaropes de ron e en pastas transparentes, pintadas, decoradas e moldeadas de xeito que divertisen e agasallasen ao tempo.

Na súa vida os alumnos da escola primaria comeran cousa tan boa.

## CAPÍTULO II

### AS IDEAS DO ALUMNO FRANCISCO GALVÁN

Unha tarde de festa, un rapaciño chamado Francisco Galván volveu do palacio do rei moi tristeiro.

- Por que estás triste, Francisco? -preguntoulle seu pai, que era ferrador- En que pensas?

- En nada, papá!

- Si, meu filliño. Ti tes algo na cabeza que non me queres dicir.

Súa nai tamén quería saber por que estaba triste e, cando el se deitou, foi coma sempre someterlle o cobertor por baixo do colchón. Entón, dándolle unha aperta, preguntoulle por que estaba triste. Francisco pasou o seu brazo de arredor do pescozo de súa nai e dixo baixiño:

- Mamá, eu quero ser paxe no palacio do rei!

- Pero, meu neniño, para ser paxe cómpre ser fillo de rico e nós non somos mais ca uns pobres ferradores.

- Eu quero estar no palacio do rei, mamá.

- Durme, neniño. Mañán non che ha acordar máis.

- E como criado, mamá? Non podería ser criado do palacio?

- Ti criado, meu fillo? O fillo dun ferrador? Non, Francisco, ti non has servir na casa dos outros!

- Gustaríame ben ser cociñeiro!

O señor Galván, o pai, que estaba a ler no comedor baleirando o seu vaso de viño, entrou co xornal na man.

-Por que non? -dixo- Todos os oficios son bos. O home que traballa nunca se deshonra! Xustamente, eu coñezo un cocheiro dos cabalos reais. Se ti queres, el pódete presentar ao xefe das cociñas. Non ha ser difícil, mais tes que comezar de pinche. E abofé que é duro!

- Oíches, mamá? Oíches o que di papa?

- Ai, filliño, magóame ben!

No outro día, Francisco foi aceptado como pinche grazas ao cocheiro dos cabalos reais amigo do señor Galván. Levárono ao cuarto de se vestiren os criados e probáronlle puchos e chaquetas.

O xefe díxolle:

- Vas durmir cos outros no dormitorio, pero -sabes?- nada de loitas co cabezal da cama! Aquí non queremos nada diso! Erguémonos ás cinco e vós axudádesme a preparar o almorzo do rei. Despois, eu presido o Gran Consello dos Menús. Fanse os menús para as dúas comidas do día. e mais para a colación e a cea, e sodes vós os que llos ides levar ao rei, que lles pon en persoa o seu cuño: "*Visto e aprobado*". Pero os teus compañeiros hanche explicar todo iso. Vai traballar, amiguiño!

## CAPÍTULO III

### A AMBICIÓN DO PINCHE GALVÁN

Cando os cortesáns, chambeláns, funcionarios, maxistrados, paxes e invitados marchaban da sala dos festíns para ir tomar o café no xardín, era a vez de xantaren os domésticos e, en canto que xantaban, parolaban de todo o que se dicía e se facía no palacio. Francisco escoitaba e aprendía. Soubo así, ao escoitar, que o rei tiña tres fillas e que, por estaren as dúas máis vellas casadas con príncipes ricos pero nugalláns e gastadores, a terceira xurara que só había casar cun mozo de oficio, ben valente e ben capaz, de tanto noxo que lles collera aos preguiceiros vendo os seus cuñados. Deste xeito, un día dixo Francisco:

- Gustaríame casar coa filla do rei, a máis nova!

Como é lóxico, todos os que estaban á mesa botáronse a rir. Pensaron que estaba de broma porque un pinche non casa cunha princesa: iso non se fai.

Primeiro riu o xefe e os outros imitárono. Riu tanto que o viño lle foi pola gorxa pequena e estivo tusindo doce minutos. Unha criada soltou o oso de pintada que andaba a rillar para poder rir a pracer. Un pinche tragou unha espiña de peixe, e outro, que naquel momento intentaba pescar un pouco de *foie-gras* nun monte de roxóns do tamaño dunha tonelada, caíu de fociños enriba da masa. Tirárono dela todo lixado de xelatina e de carne picada.

Francisco púxose rubio porque todos estaban a mirar para el.

Uns e outros limparon a boca e puxéronse de volta a comer.

E mais Galván díxose:

-Hei casar coa filla do rei!

## CAPÍTULO IV

### DIÁLOGO ENTRE UN REI LARPEIRO E UN PINCHE IMAXINATIVO NO QUE OS INTERESES DO REINO PASAN POR DIANTE DOS DEREITOS DO CORAZÓN

A partir dese día, Galván traballou, traballou e traballou. Tanto, tanto, tanto, que aprendeu de memoria as receitas todas e inventou algunhas máis, de sorte que se fixo o mellor cociñeiro do mundo.

E aconteceu que, un xoves, o xefe supremo das cociñas foi ao casamento da súa irmá. Veulle dar os consellos ao segundo xefe e díxolles aos pinches:

- E sobre todo, que ninguén toque o prato da sobremesa: ten que se facer a lume lento, e non hai que tiralo de alí senón no momento de servir. Haillo que levar ao rei quentiño no seu zume.

Era un *plum-cake* con améndoas!

Francisco, que tiña dezaseis anos e estudiaba todas as tardes química e botánica alimentarias, preparara con anís, azucre, laranxa, ácidos e serpol de Hungría, un po branquiño que debía darlles sabor aos pratos de sobremesa, un sabor delicioso do que el quería probar a forza.

Como esa quinta feira el estaba de garda na cociña e os pinches todos estaban a xogar ao balón, achegouse á pota das sobremesas reais, levantou o testo e botou o seu preparado.

Pola tardiña, o rei dixo:

-Que fagan vir o encargado das comidas! Quero saber quen fixo este *plum-cake* con améndoas. Nunca na miña vida nada igual comín. Asombroso! Palabra de rei! Asombroso!

O encargado das comidas apareceu, saudou a un lado, saudou a outro, bicou o zapato do rei e dixo:

- Debeu ser o xefe supremo das cociñas.

Mais había perto da mesa unha velliña moi boa, a ama de cría das princesas, que interrompeu ao encargado das comidas:

- Maxestade: Permíteseme falar? Teño algo que dicir.

- Conta, ama.

- O xefe vai no casamento da súa irmá.

- E quen fixo o pastel, daquela?

- Debeu ser o subxefe supremo...

O subxefe supremo apareceu e gabouse de que fixera el o pastel.

- Pois logo -dixo o rei- Dáme a receita!

O segundo xefe non tivo apuro ningún e deulle a receita ordinaria dos pasteis desa caste.

-Enganáchesme, miserable! Este *plum-cake* cheira ao anís, aos ácidos e ao serpol de Hungría.

- Vosa Maxestade ten o nariz delicado.

-Ten conta, non che vaian cortar o teu por queres enganar o teu rei! Ordeno de inmediato unha investigación!

E foi así como se soubo que Galván puxera o seu preparado no pastel.

Francisco foi recibido na sala e felicitado, e un invitado quixo collelo como cociñeiro para o seu servizo particular.

- Nunca abandonarei o meu rei -dixo o pinche.

- Ben falado -dixo o rei- Que recompensa queres?

- O voso aprezo, señor.

Os cortesáns pensaron:

- Éche pillabán, o rapaz!

O rei insistiu:

- Fuches ti o que fixo iso, meu amigo! Téñote que premiar!

- Vosa Maxestade é ben boa.

- Mmm...! Cómpre ser xusto, ti traballaches ben. Entón, vamos ver: Que podo eu facer por ti? Fala! Que é o queres?

- Vosa Maxestade ten a vida dos seus súbditos nas súas mans. Nós debémoslle a existencia e, en séndolle útiles, cumprimos co noso deber.

- Non falas mal para seres un pinche! Ti déchesme unha das máis grandes satisfaccións de boca que se lle poidan dar a un home...

- Oh, señor!

- ...e quéroche pagar.

- Señor, as miñas ambicións son tan altas que nunca habedes consentir en satisfacelas...

- ¡Ah! Vexamos... vexamos. Vexamos, logo!

- Evitádeme, señor, os efectos da vosa cólera!

- Non temas nada, meu amigo. Teño curiosidade por coñecer os desexos que nacen nese cerebro mozo.

- Señor, a rapaza máis fermosa do voso reino: gustaríame casar con ela.

- E pódese saber o nome desa afortunada noiva?

- Chámanlle Xulia!

- Como á miña filla máis nova!

O pinche púxose rubio.

- Non te atreverías a mirar para a túa raíña?!

O pinche tiña os ollos postos enriba do seu pucho branco.

- Atopo que tes unha audacia singular, fillo de pailarocos... De calquera xeito, é unha cualidade asombrosa na xente da túa condición! En fin, non é desagradable. Así é que, como parece que vostede non é un parvo, señor Fai-o-caldo, ten que entender que un rei non é libre para lle dar a súa filla ao primeiro que veña. Ten o seu pobo, os seus xenros... que sei eu!

- Entendo, señor.

- É unha sorte.

- Se cadra teño que merecer a Xulia facendo unha acción heroica.

- Ha, ha, ha! Velaí que se pon a falar de pillar a lúa. Vamos, vamos! Veña, meu amigo! Podes facer a túa acción heroica e xa veremos despois. Mais, polo de agora, o caixeiro principal vai pasar a verte ás cocinas.

O pinche, amedrentado, saíu recuando e dándolle voltas ao seu pucho branco.



## CAPÍTULO V

### NO QUE SE VERÁ QUE UN PINCHE PODE SER UN GRAN HOME DE GUERRA

Pasaron dous anos.

Unha tarde en que o rei recibira dun príncipe do Canadá uns caribús magníficos como regalo polo seu aniversario, Francisco paseaba polo patio que está detrás dos edificios dos criados cavilando na maneira de preparar o presente real. Estaba a fumar un cigarro e a tomar o fresco; iso presta moito cando un botou o día a carón dos fornos.

O caribú é un animal con carne de polo, e del tíranse brancos manxares que se preparan con leite de burra.

Francisco cavilaba. Estaba escuro e non había unha fiestra que brillara, non sendo a lumieira dos pinches no sétimo piso.

- Vaites! -dixo Galván- Estou sentindo un ruído aquí pertiño. Diríase que hai ferralla por baixo da terra! E mais a esta hora ninguén está na adega, pois os encargados do viño marcharon xa. E serán ladróns?

No país dos balibrigos, coma noutras terras, os sotos están aireados por medio duns buratos que están no alto da parede, rente do chan de fóra, chamados respiradoiros. No patio había tres.

Francisco botou unha ollada perto dun respiradoiro. A lúa, que apareceu, alumeou a fachada. O mozo recuou: na adega vira homes!

- Son os nosos inimigos! Eles de novo! Os bululabastos! Deberon escavar un túnel, como xa fixeron dunha vez.

Francisco vai correndo ao posto dos gardas pero non responden ás súas chamadas: os gardas foran todos envenenados por un traidor disfrazado de vendedor de cocos. Que facer, logo? O rei e o seu séquito van no teatro, na cidade, e os criados non paran moito no palacio des que non hai ninguén para mandar neles. E o reino, emporiso, cómpre salvalo. Francisco pensa nos seus compañeiros e non perde o tempo: vai petar no dormitorio dos pinches.,

- Inés! Leoncio! Arturo! Merovixio! Os inimigos! Os inimigos están no castelo!

Os pínches estaban a xogar debaixo da lámpada.

- Quen están?

- Os inimigos!

- Non petes tan forte! Imos axiña, Francisco! Onde están?

- Na bodega... Velaí o que habemos facer: cada un de nós vai ir ao cortello por palla e vaina ir mollar á fonte, e despois ímoslle prender lume e tapar con ela os respiradoiros. A palla húmida bota unha fumegada moi mesta cando arde!

## CAPÍTULO VI

### O DESASTRE DOS BULULABASOS

Sentíronse golpes xordos que viñan de baixo da terra. Os bululabastos tiñan que romper cinco portas antes de subiren a rentes do chan. Non romperan máis ca unha cando o fume entrou polos respiradoiros entupidos.

-Estamos perdidos! -berraban eles na súa fala.

Se as adegas non tiveran un teito tan alto, intentarían librar as aberturas, mais non podían senón lanzar flechas que se espetaban alí en van. O fume era negro. Os fachos xa non daban alumeado. Os bululabastos querían atopar de volta o paso por onde viñeran, pero ían de fociños contra as paredes. Os pés prendíanselles nas trepias de ferro que terman das botellas e o estrépito do vidro mesturábase cos laios dos pobres dos feridos. Os que daban andado, tripaban o corpo dos outros.

No entanto, os pinches estaban a chamar. E acudían labradores e xente que pasaba por aló. Chegaban, fregando nos ollos, lacaios que durmían baixo os tellados. Os cuarteis xa tiñan aviso. Volvían do teatro os príncipes cos portadores de antorchas. Sentíanse os tambores camiño do castelo e o clarín chamaba ás armas na escaleira principal. A campá da escola tocou a rebato e a vila enteiriña botouse á rúa cara ao palacio do rei.

Comerciantes con pucho forrado, felices por poderen entrar na morada real, aldeás en bata, mozos ricos, damas con traxe de noite aínda, obreiros, vagabundos, funcionarios, gardas, policía... toda esta xentiña acenaba e daba consellos e ordes. E cando se soubo que os bululabastos estaban pechados nas adegas, a piques de morrer, todos querían mandarlles un croio, un puñado de lama ou unha flecha. O comisario de policía tivo que organizar un servizo de orde.

## CAPÍTULO VII

### SEGUNDO DIÁLOGO ENTRE UN PINCHE VALEROSO E UN REI SARCÁSTICO, ONDE OS DEREITOS DO CORAZÓN CEDEN DIANTE DOS INTERESES DO ESTADO

Entón tiraron fogos de artificio e organizaron un baile campestre. O rei apareceu na fiestra, pondo a toda présa o seu manto de armiño. Iluminaron o interior todo do castelo e montaron unha mesa para os convidados que coidasen conveniente encher o bandullo para calmaren a emoción.

Buscaron a Galván e levárono en triunfo ata o rei, quen cos seus propios beizos lle deu un bico, chamándolle "*o pequeno salvador do meu reino*".

E durante todo o día seguinte, como as visitas de felicitación no salón non cesaban, bicaron aínda a Galván (polo menos sesenta e tres veces) condes, condesas, baróns, viscondesas e canonesas.

Por fin, despois de bicar mans, dar mans, apertar mans e facer reverencias, marchou a sociedade toda, e Francisco achegouse á chinela do rei que era de feltro vermello bordado de galón verde (unha chinela de cerimonia) e apertouna entre os seus brazos.

- Señor! -dixo- Dignádevos escoitarme!
- Escoito con aprecio, meu rapaz!
- Señor, dignádevos lembrar o *plum-cake* con améndoas.
- Empf! -fixo o rei aspirando tabaco moído.
- Non vos lembra que despois de probardes ese pastel vós me mandastes chamar? Vós fixéstesme o insigne honor de me preguntardes polos meus proxectos para o futuro.
- E que, meu rapaz?
- Vós dixéstesme que un día, cando unha acción heroica tirase o voso humilde escravo da sombra das cociñas, eu podería ter sitio entre os pretendentes que se disputan a dignidade de xenro do máis grande dos reis.
- Oi! Estaste chufando, meu rapaz! Pídeme algo serio, non me pidas o imposible! O fillo dun ferrador non vai casar coa filla dun rei!
- Vós prometéradelo, Maxestade!
- Míntes, larchán, eu non prometo nada que non poida cumprir! E, por parte: vaillo preguntar a ela! Vaille pedir a man! Vai e verás como te recibe! Vai: vouche asinar un salvoconduto, pois sen el nunca os negros e as mulleres haberían permitir un pailaroco da túa caste entrar onda a miña Xulía! Mimas un pouco estes larcháns e velaí que se lles sobe... Este tolea: palabra de rei! Heino mandar a un bo psiquiatra. Velaí tes o teu salvoconduto, galopín. E que non te volva ver de diante! Estes brutáns son todos os mesmos: se che bican a puntiña dun dedo xa teñen ganas de tragar o brazo todo. Pero: agarda un pouco, mocíño!

## CAPÍTULO VIII

### O PINCHE E MAIS A PRINCESA OU O VALOR RECOMPENSADO

Galván subíu cincuenta chanzos de mármore branco entre dúas murallas de mármore verde. Os criados da princesa Xulia, que eran todos negros ou chineses, inclinábanse cando él se presentaba, pois mostraba a sinatura do rei: *Kabul 1º, Rei dos Balibrigos, Emperador das Illas Verdes*.

Unha negra conducíuno a través de plantas floridas a un cuarto de muselina con fíos de prata no que, sobre dun leito que semellaba unha nube do ceo cando o sol vai desaparecer, durmía unha persoa máis fermosa ca ese astro: a filla de Kabul 1º.

Había por todas partes colgaduras suxeitas por azaleas, margaritas e abrótegas, mobles que semellaban saír de entre as flores e queima-perfumes que espallaban vapores mainos. Coidábase un no sétimo ceo.

Galván puxo un xeonllo no chan, de tan admirado que estaba daquel lugar.

- Erguédevos, Galván, -dixo unha voz doce- esa non é a postura dun heroe.

- Desgraciadamente, filla de reis, -dixo el- non son eu un heroe para merecer a vosa man!

- Collédea, Galván, -dixo ela- e sede príncipe, pois: quen mellor do que o vencedor dos bululabastos saberá conservar o meu reino? Quen mellor do que vós saberá agrandalo? Leo nos vosos ollos o valor e mais a bondade. Vós habedes ser temido polos vosos inimigos e amado polo pobo. Erguédevos, Galván, e axudádeme a abandonar este leito!

Xulia saltou para o chan. Levaba unha saia de tul con grinaldas de rosas. Os seus pés eran talmente coma os dunha moneca. Unha música que non se vía estaba a tocar antigas melodías e Galván colleu a man da súa prometida coma un galante bailarín.

## CAPÍTULO IX

### A ROCHA TARPEIA ESTÁ PERTO DO CAPITOLIO

Polo medio das estatuas que parecían durmir, e por entre os xardíns cheos de silencio e de sombra, levouna onda o rei Kabul 1º.

- Prendédea! Prendédeme esta filla desleigada que, contra a vontade de seu pai, quere escoller esposo! Prendede esta ingrata sen corazón! Miñoa desgraciada que me debes a vida! E non che acorda máis que para abusares do meu agarimo! Prendédea! Marioneta sen cerebro! Muller indigna da luz do día! Prendédea!

- Meu pai! Meu pai! Escoitádenos! Pídovolo deitada aos vosos pés!

- Prendédea! Pren-dé-de-a!

Por primeira vez na súa existencia, Xulia sentíu que as bágoas lle escorregaban.

- Non hei ter outro marido senón Galván, meu pai!

- Ben quixera que a pobre de túa nai non sentira na súa tumba estas horribles palabras!

- Mágoa que non estea ela aquí para vos implorar no meu favor!

- Gardas! Pillade a miña filla e levádea para a prisión! Velaí tendes unhas letriñas escritas para o director! E tocante a ti, bandido, volve para a cociña, e se te arriscas a saír dela hei probar no teu pescozo o fío do meu sabre!

Así falou o rei, e xa entraba nos seus aposentos privados cando unha man o parou:

- Alto, Señor! O sabre que vós queredes probar na miña gorxa poida que un día me sirva a min de instrumento!

- Que é o que di este?

- Digo que me hei vingar desta afronta.

- Seica ao señor pinche lle esquece que está diante do seu rei?

- Señor, voume deste reino, mais non é para sempre. Hei voltar a el como conquistador. Daquela o voso trono ha ser o meu trono e este palacio, se me peta, ha ser destruído sen que quede del nin rastro!

A estas palabras, sen que o rei fixese sinal ningún, cinco ou seis soldados achegáronse a Galván coma se fose un ladrón e botáronlle a man.

- Iso é! -dixo o gordechón do rei- Que vaia calmarse á mazmorra! Halle vir ben!

## CAPÍTULO X

### NON HAI MAZMORRA QUE NON SE DEA ABERTO

A mazmorra estaba nunha torre húmida onde paseaban, de arredor dunha pucharca de auga, escorpións, arañas, ras, vermes brancos, ratas, muraños e mais morcegos. Alí sempre estaba escuro e, como non a cambiaran desde había cen anos, a palla que lles servía de leite aos prisioneiros mermara e apodrecera. Os prisioneiros comían codelas resesas e bebían auga dun pozo do que sentían renxer lugubrementemente a roldana.

Galván, que aínda era moi novo para tanto sufrimento, chorou moito. Tanto chorou que se desmaiou.

Cando abriu os ollos, o día entraba pola porta e unha saia de tul con grinaldas de rosas estaba diante del como a lúa está no medio das noites.

- Galván! -dixo unha voz- Son Xulia, a princesa. Érguete e vaite!  
- Oh, miña protectora, heiche saber demostrar a miña gratitude!  
- Ten, meu amigo, toma esta caixa de chocolate; has ter fame, pois seguro que non lles tocaches a esas codelas enchoupadas de lama.

Eran as tres da mañán. Ao saír da torre, Galván viu grandes agras nas que aínda non estaba ninguén a traballar. Os galos cantaban e algunhas labradoras entreabrían as portas das casas levando nas mans cuncos para o almorzo do gando.

Galván botouse a camiñar e púidose ver pasar o pinche cun xeitoso traxe branco, puños de encaixe e un coitelo de cociña.

Camiñou da mañán á noite. A caixa de chocolate ía xa acabada e non daba atopado amoras nin froitos silvestres nin plantas de raíces nutritivas como nabos, ravos, cenorias, beterrabas, etc.

- Madia leva! -dixo el para si- Dis que durmir é media mantenza. Voume deitar debaixo desta palmeira e repousar un pouquiño!

E adormeceu.

## CAPÍTULO XI

### MODESTO ENSAIO SOBRE A COCIÑA E OS COSTUMES BULULABASOS

Galván espertou nun leito como nunca tal vira. Estaba suspendido para que un puidese adormecer balanceándose, o que se consideraba agradable.

- Onde estou? -preguntou Galván.

Unha vella que estaba a mirar para el, cos puños enriba dos cadrís, oíuno e tratou de entendelo pero non falaban a mesma lingua.

- Moito tiven que camiñar onte -pensou Galván- porque estou no estranxeiro.

A vella seguía a falar. Erguía moito os brazos e semellaba doerse del.

-É unha boa persoa pero debería darme algo de comer.

E sinaloulle a boca e o estómago, o que fixo rir a vella, que desapareceu e volveu con tres pratos cheos.

Que cociña do mundo non coñecía o pinche? Ao que probou a carne e a salsa, declarou:

- Éche cociña bululabasa! Estou na terra dos bululabastos! É ben sabelo.

A vella utilizaba unha escaleira que tiña os chanzos dispostos como as penas da roda do muíño. Postos sempre en posición horizontal, baixaban a xente ou subían, segundo a collesen enriba ou embaixo. Esta escaleira tiña a vantaxe de ser tamén un ventilador, pois os chanzos -ao daren voltas como as penas- revolvían o aire da sala e refrescábano. E, ao ser tropical o país bululabaso, é cómodo.

A planta baixa era grande como unha Casa do Concello. O forno, a mesa e as cadeiras eran de pedra, pero as potas eran de madeira. Isto non é problema ningún, pois nunca se fai lume nesas paraxes. Xa teñen calor de abondo así! Para quentaren os alimentos, botan na auga produtos alquímicos que a fan ferver ao se desfaceren nela.

## CAPÍTULO XII

### UN PINCHE EXILADO NUNCA TEN DIFICULTADES

Galván visitou a casa e as dependencias e, para enredar, púxose a practicar o seu oficio. Faltábanlle moitas especias e case que non estaba afeito ás potas de madeira. Con todo, ao se ergueren da mesa, os parroquianos fixéronlle entender que estaban tan asombrados como satisfeitos do que acababan de comer. Polo que é Galván, cunha vela rosa na man mentres que a escaleira o ía subindo, pensaba:

- Teño un plan! Quedemos aquí!

No outro día, foi á horta buscar herbas e á corte matar animais (pois a pousada tamén tiña facenda), e fixo un verdadeiro festín sen que o amo tivese que gastar nada. De alí a dous días volveu facelo, e dende aquela seguía así.

Aos comerciantes que pasaban de camiño, aos operarios de mudanzas e máis aos carreiros, preparáballes el comidas de marqueses. A cousa sóbouse e falouse diso nas casas das cidades, e os ricos -curiosos por veren o cocinheiro e por probaren as súas receitas- viñeron á pousada para as ceas extraordinarias.

Entón o diñeiro resoou nos caixóns. A pousada converteuse en hotel, os cazadores pararon alí, e Galván aprendeu a lingua bululabasa para poder parolar con aquela xentiña toda.

Rincharon cabalos diante da porta, agardaron carrozas baixo as árbores do xardín, oíronse trupelos enteiros de cans de caza que ladraban saltando, e, polas noites, sentiuse como os noctámbulos das cidades bromeaban arredor das botellas de viños caros.

Un día, un nobre díxolle a Galván:

-Señor hoteleiro: vou casar a miña filla dentro de sete meses e, como nos gusta moito o campo, o meu xenro e mais eu trazamos de celebrar a festa do casamento aquí. Poderíase vostede encargar de todo? Hei pagar o que pida, e mesmo máis se é que saio satisfeito, pero quero unha festa ben soada. O meu xenro é un home difícil de contentar e quero impresionalo; entende?

- Entendémonos, nobre señor.

O nobre chamábase El Petrusco Piombino della Barrás, o que en galego quere dicir *O pombo máis fermoso da fraga*.

Os seus títulos eran: "Primeiro chambelán, primeiro banqueiro, primeiro conselleiro íntimo, primeiro encargado de cámara, primeiro gran favorito, primeiro monteiro, segundo do reino".



## CAPÍTULO XIII

### UN CASAMENTO RÚSTICO NA TERRA DOS BULULABASOS

Galván preparou a festa noite e día durante sete meses. Por riba da horta, moi alto, puxera panos raiados e erguera sobre duns estrados montiños de froitos, aves cociñadas e cristais brillantes.

Suspendera polo aire balcóns de follaxe para unhas orquestras que habían sentirse de lonxe, a fin de que os sons viñesen mainos. Nas árbores habían voar de póla en póla paxaros domesticados, amarelos, encarnados e azúis.

Sobre da mesa, no medio de encaixes de toda caste, no medio de pezas de cristal e de maravillas de fina metalurxia, repousaban mangostas de Exipto e iñames do Brasil forrados de vidro iluminado polo interior.

Arroaces de Melanesia, traídos con grande gasto de arredados mares, xoguetaban nos viveiros entre os lotos floridos e botaban polas ventas columnas de fino vapor.

O nobre adiantara cartos, claro, pois para pagar as facturas dos provedores das vituallas e dos obreiros tapiceiros que axudaran na instalación non darían chegado nin tres fortunas ordinarias.

Cando a comitiva nupcial chegou en carroza, actores de París, Milán e San Petersburgo representaron cadros vivos e ballets, mentres grupos de campesiños berraban "Viva a noiva!" Os músicos todos puxéronse a tocar o himno nacional bululabaso e estouparon no ceo fogos de artificio de día, tal como só os chineses saben tirar.

- É magoa que o meu rei non vexa isto -dixo Piombino.
- Teño que lle falar deste espectáculo á miña grande amiga a raíña -dixo a noiva.
- Abofé que non está nada mal para unha festa campestre -dixo o xenro.

Comeron e despois bailaron, e o nobre pagou a festa con tantos cartos como dan tirado doce cabalos xuntos. Entón, o pousadeiro pechou o seu negocio e Galván, que metera na faltriqueira floríns e escudos abondo para poder vivir sen traballar, seguíu a Piombino á corte do rei dos bululabastos.

## CAPÍTULO XIV

### NO QUE SE VERÁ COMO UN PINCHE HÁBIL PODE SER UN HÁBIL DIPLOMÁTICO...

Galván era un rapaz moi pillabán. Soubo portarse como cómpre e agradoulle moito ao nobre. Protexido por este poderoso personaxe acadou na corte lugar e cargo distinguidos. O propio rei gustaba de recibilo á súa mesa cando Piombino ía cear a palacio, e un día beliscou a orella do antigo pinche chamándolle "meu amiguiño".

Unha mañán de outono, o rei díxolle a Galván:

-Ven parolar comigo á volta da caza!

Velaí o que pasara: Galván -que dende que se establecera na pousada levaba sempre unha única idea- contoulle a súa historia a Piombino, e tivo moito coidado de non lle esconder cousa ningunha. Piombino foilla contar toda a Redeasolta XXIV, como Galván prevía:

- O que soubo facer que o meu exército afogara nunha bodega, ha saber tamén facer que triunfe nun campo de batalla -exclamou o rei despois de estar calado un momentinho.

Cando lle contaron despois a Galván esta frase, que dende entón se fixo célebre, púxose rubio de pracer. O rei tiñase por moi listo por que pensaba servirse do cociñeiro balibrigo: atopaba en Galván un instrumento contra Kabul 1º. Quería facer do antigo súbdito do seu inimigo un devoto servidor, tirar proveito e vantaxe daquel infeliz pretendente á man de Xulia.

Pobre rei! Estaba a armar o seu propio verdugo. Preparaba a súa propia perda. Mais: quen daría adivinado a ambición de Galván? O pinche botáralles o ollo a un tempo aos dous imperios e ríase das cabezas coroadas! Aquel neno era un Napoleón balibrigo!

Que é o que se falou aquel día á volta da caza? Que palabras se pronunciaron no gabinete de traballo do rei? Que segredo lle confiaron ao futuro xefe das tropas?

Nunca se soubo.

Nos anais bululabazos está escrito que Galván saíu do palacio vestido de xeneral, pero non está recollida ningunha circunstancia da entrevista.

*"Galván (Francisco): Antigo cociñeiro. Balibrigo de nacemento. Tomou o mando e dirixiu o seu exército contra aquel ao que en tempos el servira á mesa".*

É así como os anais falan da guerra bululabazo-balibriga.

Un familiar de Redeasolta XXIV que escribiu a historia deste rei, non foi avaro en canto aos detalles que lle chegaron. Non nos deixa ignorar nin o número de cabalos, nin o peso das armaduras nin o sistema de aprovisionamento nin as fatigas da infantaría.

Resumamos nalgunhas páxinas os volumes cheos de agarimo que el consagra ao relato desta derradeira loita entre dous pobos irmáns! E sexamos breves, xa que nos vemos forzados a selo! De certo que esta obra contén máis dunha estatística útil, máis

dun plano estratéxico orixinal, máis dunha reflexión interesante, pero só o que trata do pinche Galván ten que atopar espacio neste curto relato. Felicitémonos de que esta guerra tivese o seu cronista (como a Guerra Franco-Inglesa chamada dos Cen Anos tivo o seu Froissart) pois que gracias a el coñecemos o drama que fixo abalar as bases de dous estados antigamente florecentes.

## CAPÍTULO XV

### ...E MAIS UN RUÍN CONDUTOR DE EXÉRCITOS!

Pódese ser bo cociñeiro e mal xeneral.

Galván non foi afortunado! Subido a un outeiro, nunha rexión herbosa na que non había árbores, Galván, escoltado por sete oficiais da intelixencia, contempla a batalla.

Ve a metade do seu exército recuar ata a beira do río nacional bululabaso. Ve os seus cabaleiros caíren na auga un despois de outro. Ve a súa artillería fuxir ata o horizonte e a súa infantería abandonar sobre da herba fusís e bestas. Ve as lumeradas de festa acendidas polo vencedor. Sinte as trompetas tocaren vitoria. Mais o seu desastre non o arrepiá.

Aperta o cabalo entre as súas pernas para que se bote ao galope, e dille ao seu fiel séquito:

- Señores, chegou o momento de actuar. Levanten a bandeira branca de parlamentar.

Os sete oficiais decatáronse entón de que Galván puxera unha máscara.

Kabul 1º, baixo a súa tenda, estaba a se erguer cando lle anunciaron a visita dos parlamentarios. Habitualmente Kabul era amable cos embaixadores, daquela sorriu, sacudiu o po do pano de encaixe que levaba ao pescozo, sacudiu tamén o po da barriga e agardou.

Apareceu Galván. Quen daría recoñecido o antigo fregacazolas neste bululabaso enmascarado e tocado cun bicornio ornado de plumas!

Por outra banda, nunca o rei Kabul desconfiaba despois de xantar ben. Foi moi amable. Falou da batalla dicíndolles aos bululabastos que non era culpa deles se os venceran, que foran moi valentes e que outra vez lles tocaría gañar.

Ofreceu café, falou da finada da súa muller e mais da súa filla e fíxolles algunhas preguntas a aqueles señores. No fondo, non tiña moita confianza en si propio, a pesar da súa felicidade, e cando Francisco, sempre coa súa máscara de cartón, lle propuxo asinar un tratado, respondeu de contadiño:

-...Como vostede queira, meu señorío!

## CAPÍTULO XVI

### VOZ DO PASADO, VOZ DO CORAZÓN

Esa mesma tarde, todo o mundo se puxo en camiño para ir á cidade dos balibrigos. Os sete oficiais de Galván ían de pé nos lados do coche.

A capital estaba toda iluminada, pois festexábase a vitoria. No palacio estaba preparada unha cea fría no comedor, que estaba cheo de nobres cargadiños de ouro. As bandeiras inimigas estaban retorcidas arredor das lámpadas de cristal que pendían do teito.

- Ten que pasar moita calor con iso enriba da cara! -díxolle Kabul a Galván pasándolle os pasteliños.

- Todo lle é afacerse -dixo Galván levantando o vaso de viño- Eu nunca o deixo. Nas misións diplomáticas deste tipo aconséllolle que use máscara. É imprescindible, e non é nada incómoda.

Bebe, Francisco, a túa voz está a tremer! Pasado! Pasado! Pasado! Días afastados do pasado! Que de cousas antigas fai lembrar esta sala! Recordos dun castelo feito de mármore e flores! Oh fantasmas encantadores da infancia! Oh, fermosa inocencia de Francisco! Inocencia! Candor! Pureza da alma nos primeiros días da mocidade! A que ser humano non lle gusta pensar en ti, doce pasado? Que ollos non se humedecen volvendo a ver os lugares que algún día viron?... Galván escoita como tocan o Himno Nacional! As cabezas orgullosas inclínanse! Que doce é esta música para o corazón do exiliado!... Pinchiño branco engruñado nunha mazmorra! Pinchiño branco da alba dos campos desertos! Lémbrete, pinche, namorado de Xulia!...

Mais Galván non ten tempo para soñar. Velaí Xulia, á beira de seu pai, o rei! Non a tiveron por moito tempo na prisión central. Pero Galván non quere que a emoción o venza! Galván é un home e non deixa de pensar na púrpura, no mando e na venganza tanto como nos seus amores pasados.

- Chegou o momento! -dixo para si Galván.

## CAPÍTULO XVII

### NO QUE A TODO O MUNDO LLE DOE A BARRIGA

No outro día foron en comitiva ver o Museo, o Grupo Escolar e a Casa do Concello. En cada edificio recitáronlles un saúdo aos embaixadores bululabaso, pero Galván non respondeu aos discursos con outro discurso. Decía que estaba acatarrado.

E non era certo, non estaba acatarrado senón que acababa de cometer un crime: acababa de envenenar os seus compatriotas!

Ao longo do camiño que vai do Palacio á vila natal de Galván están os depósitos da auga potable que se distribúe aos habitantes a través de tuberías. É nestes depósitos onde o sabio cociñeiro botou veneno, e varias persoas retórcense xa durante as arengas.

Xa as nais morren sen poder chorar polos seus fillos! Xa os pais que os amortallan son interrompidos por insoportables dores de entrañas! A cidade non é máis ca un laio. O concelleiro principal, apertando a barriga, abandona bruscamente a comitiva oficial. As casas todas cóbrense con excremento de cabalo, signo habitual de loito nesta bisbarra.

Só os residentes no castelo, que non bebían senón auga mineral, e mais os parentes de Galván (pois avisáranos) estaban sans e vivos.

Por causa desta calamidade pública houbo moitos acontecementos no mesmo día. Con grande asombro do rei, os sete oficiais de Galván marcharon sen dicir para onde ían e o propio Galván tamén desapareceu. A Casa do Concello é neste país un lugar onde non se pode prender a ninguén e Galván, por medo a que se coñecese o autor de tantas mortes, subíu á torre. Quería, ao tempo, escrutar o campo e agardar o momento de se mostrar.

En efecto, os sete oficiais tiñan que reagrupar os soldados do exército bululabaso e, aproveitando o loito do balibrigos, volver de inmediato.

## CAPÍTULO XVIII

### FANFARRAS E BERROS DE TRIUNFO

Antes de que o sol se puxese, Francisco albiscou os reximentos que viñan polo camiño.

Fanse máis grandes a cada paso. Velaí están xa: vense as trompetas e os arneses dos cabalos. Invaden as murallas do palacio, no que ninguén entende o que pasa.

Tarde de máis! Xa están franqueadas as pontes levadizas!

Tarde de máis para defenderdes o voso rei, señores gardas! Tres cadáveres no patio! As machadas fenden as portas das dependencias! Os cabalos foxen, entolecidos polas fanfarras! Cae a tarde! Chega o incendio! De sala en sala buscan a Kabul. Atópano, píllano pola gorxa, estarrecido, mentres os xefes dos escadróns ordénanlle á artillería que rodea o palacio que bote salvas de alegría.

De repente, síntese berrar ao lonxe, e este berro é coma o ruído da tempestade sobre do mar, un berro longo, melodioso, que ven do ceo estrelado, que enche o campo ata o horizonte, que o río trae e o vento leva, que peta contra os muros do palacio como o carneiro -antigo instrumento de guerra- petaba contra as murallas das cidades para rompelas. Un "¡Hurra!" que arrepía os cortesáns, que fai erguer o rei e tremer baixo as lousas da capela os esqueletos da dinastía balibriga.

Saudado por un formidable cañonazo, velaí está Galván. Tira a súa máscara de cartón e pronuncia estas palabras:

-¡Son Francisco Galván!

Entón o rei Kabul cae dun síncope e Xulia dálle a man ao vencedor para lle probar que non o esqueceu. Ao mesmo tempo, a noticia da chegada de Galván coñécese moi lonxe. Veñen de non se sabe onde grupos con fouchos e paus. Ao rei Kabul 1º prívano do trono os seus propios súbditos, e Francisco convértese en emperador na cidade onde en tempos xogou ás bólas.

## CAPÍTULO XIX

### TUDO O MUNDO RESUCITA E SE ABRAZA

Francisco -o primeiro que levou ese nome- casou coa pequena Xulia. Para sorpresa xeral, a capital enteira estaba na cerimonia. En efecto, o veneno perdera a súa forza na auga. Os habitantes non estaban mortos senón desmaiados e a detonación volvéralles o coñecemento e mais os sentidos.

Libraron as fachadas das casas do excremento fúnebre e purificáronas, e os burgueses viñeron presentar o seu saúdo e os seus cumprimentos a Francisco, contentos de recoñeceren nel un antigo alumno da escola primaria.

O concelleiro principal tiña un salouco na gorxa que non o deixaba falar. O mestre, que puxera levita, choraba e dicía:

- Xa me parecía a min... Xa me parecía a min... que ía pasar isto. Era tan espelido, de rapazolo!

Francisco e Xulia non tiveron moitos fillos, pero foron felices de todos os modos. Redeaolta foi obrigado pola opinión pública a cederlle o trono a Galván e aínda que ao comenzo se enrabejou, despois acougou e acabou por ir vivir con Kabul nun pazo que aínda hoxe lles mostran aos turistas.

Por fin, cando foi restablecida e asegurada a paz entre as dúas nacións que un día foran inimigas, Francisco Galván, o antigo rapaciño da escola, o antigo pinchiño, lembrouse da súa modesta orixe e demitiu do poder absoluto deixándoo en mans dos seus concidadáns. E dende entón a felicidade reinou para sempre nestas rexións que nos Atlas de xeografía moderna son designadas con este nome: *República dos Balibrigos e dos Bululabastos Reunidos*.